

ANEXO V: MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”

1.	Datos do centro
-----------	------------------------

Código	Denominación
36006407	CEIP PLURILINGÜE FROEBEL

Enderezo		C.P.
Rúa General Martitegui, 3		36002
Localidade	Concello	Provincia
Pontevedra	Pontevedra	
Teléfono	Correo electrónico	
886159531/2	ceip.froebel@edu.xunta.gal	
Páxina web		
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfroebel/		

ÍNDICE:

Medidas de prevención básica	3
Medidas xerais de protección individual	7
Medidas de limpeza	8
Material de protección	9
Xestión dos abrochos	10
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade	12
Medidas de carácter organizativo	13
Medidas en relación coas familias e ANPA	15
Medidas de uso do comedor	16
Medidas específicas para o uso doutros espazos	16
Medidas especiais para os recreos	17
Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria	19
Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres	19
Medidas específicas para alumnado de NEE	19
Previsións específicas para o profesorado	20
Medidas de carácter formativo e pedagóxico	21

Id.	Medidas de prevención básica
------------	-------------------------------------

2.	Membros do equipo COVID
-----------	--------------------------------

Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil)			
Membro 1	Manuel Carpintero Vázquez	Cargo	Director
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Nomear membros no equipo Covid • Coordinación do equipo • Comunicación coa Administración e co Centro de saúde de referencia • Xestionar a adquisición do material de protección necesario 		

Membro 2	Pedro M. Mariño Rivadulla	Cargo	Xefe de estudos
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Recoller as propostas do profesorado dentro do Plan de adaptación á situación Covid-19 • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de primaria • Garantir a difusión da información ao profesorado de primaria e ás familias. 		

Membro 3	Marta González Carbón	Cargo	Profesora infantil
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Recoller as propostas do profesorado dentro do Plan de adaptación á situación Covid-19 • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de infantil. • Garantir a difusión da información ao profesorado de infantil e ás familias 		

3.	Centro de saúde de referencia		
Centro	CENTRO SAUDE VIRXE PEREGRINA	Teléfono	986852799
Contacto	Dra. Ana Carnicero e Dra. Rosa Pérez		

4.	Espazo de illamento
<p><u>Despacho de xefatura de estudos:</u> Este espazo quedará destinado a uso individual para illar a aquelas persoas nas que se detectan síntomas mentres non se xestiona o seu traslado Contarase con solucións hidroalcohólica, papeleira de pedal e panos desbotables No caso de ter que facer uso deste espazo as ventás permanecerán abertas</p>	

5. Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa	
4º EDUCACIÓN INFANTIL	22
5º EDUCACIÓN INFANTIL	25
6º EDUCACIÓN INFANTIL	24
1º EDUCACIÓN PRIMARIA	25
2º EDUCACIÓN PRIMARIA	25
3º EDUCACIÓN PRIMARIA A	13
3º EDUCACIÓN PRIMARIA B	13
4º EDUCACIÓN PRIMARIA A	23
4º EDUCACIÓN PRIMARIA B	23
5º EDUCACIÓN PRIMARIA A	16
5º EDUCACIÓN PRIMARIA B	16
6º EDUCACIÓN PRIMARIA A	11
6º EDUCACIÓN PRIMARIA B	22

6. Cadro de persoal do centro educativo	
Educación infantil	4
Educación primaria	11
Mestres/as especialistas	7
Orientación	1
Persoal non docente	1
TOTAL	24

7. Determinación dos grupos estables de convivencia	
--	--

Etapa	INFANTIL	Nivel	4º	Grupo	A
Aula		Nº de alumnado asignado	23	Nº de profesorado asignado	5

Etapa	INFANTIL	Nivel	5º	Grupo	A
Aula		Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado	6

Etapa	INFANTIL	Nivel	6º	Grupo	A
Aula		Nº de alumnado asignado	24	Nº de profesorado asignado	6

Etapa	PRIMARIA	Nivel	1º	Grupo	A
Aula		Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado	5

Etapa	PRIMARIA	Nivel	2º	Grupo	A
Aula		Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado	5

Etapa	PRIMARIA	Nivel	3º	Grupo	A
Aula		Nº de alumnado asignado	13	Nº de profesorado asignado	5

Etapa	PRIMARIA			Nivel	3º	Grupo	B
Aula		Nº de alumnado asignado	13	Nº de profesorado asignado		5	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	4º	Grupo	A
Aula		Nº de alumnado asignado	23	Nº de profesorado asignado		5	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	4º	Grupo	B
Aula		Nº de alumnado asignado	23	Nº de profesorado asignado		5	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	5º	Grupo	A
Aula		Nº de alumnado asignado	16	Nº de profesorado asignado		6	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	5º	Grupo	B
Aula		Nº de alumnado asignado	16	Nº de profesorado asignado		5	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	6º	Grupo	A
Aula		Nº de alumnado asignado	11	Nº de profesorado asignado		5	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	6º	Grupo	B
Aula		Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado		6	

8. Medidas específicas para grupos estables de convivencia

No nivel de educación infantil e dentro da etapa de primaria, manteranse grupos estables de aula

Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia.

Utilizarase a enquisa clínico epidemiolóxica que se describe no Anexo I que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarase dende o centro das cadeiras

O alumnado destes grupos poderán socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita e sen necesidade de gardar a distancia interpersonal de 1,5 metros na aula.

Evitarase o contacto cos demais grupos do centro educativo, establecendo entradas e saídas diferenciadas e mantendo separación dos mesmos nos tempos de recreo.

Na etapa de **Educación Infantil**, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. O grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio

A necesidade de realizar un traballo colaborativo nestes anos, como base para compartir e construír coñecementos, é un requisito da propia etapa de educación infantil e aparece como un dos principios metodolóxicos da educación primaria. Esta demanda nos esixe darlle aos nenos e as nenas posibilidades para que poidan relacionarse dentro do grupo respectando as normas de seguridade contempladas.

En coherencia con estas responsabilidades, as aulas organizaranse mediante pupitres que permitan desenvolver metodoloxías activas, traballos por proxectos e experiencias de aprendizaxe significativas; así coma unha axeitada atención á diversidade.

Debemos asumir que, nestas idades, unha adquisición de competencias clave, coma as sociais e cívicas precisan de relacións entre iguais e momentos de traballo compartido.

▪ Normas xerais de organización:

- Nos inicios da xornada, traballarase de xeito lúdico, a lembranza das normas de hixiene.
- O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos, con independencia da distancia interpersonal
- O profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscara durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade
- Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio (se son das que teñen unha vida útil de 4 horas deberían traer máis), así como unha bolsa/estoxo específico para gardala.

- Os dispensadores de xel hidroalcohólico non poderán estar accesibles sen supervisión dos profesorado
- O uso dos aseos será limitado a un alumno/a de cada vez. Tendo preferencia de uso o alumnado da etapa de infantil.
- Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros/as.
- Cando se use material susceptible de ser compartido (teclados, punteiros...) lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia de hixiene de mans antes e despois de tocalo
- A merenda realizarase de xeito individual en espazos diferenciados
- Facilitaranse unhas bolsas para cada clase con material para uso nos tempos de recreo. Deste modo, poderán ter elementos de xogo, desenvolver a súa motricidade e poñer en práctica habilidades sociais. Este material será de uso exclusivo destes grupos de convivencia estable
- Nos obradoiros que se teñan que desenvolver (robótica, talleres de arte...) poderase establecer desdobres, co fin de traballar en grupos máis reducidos. Despois de cada sesión desinfectarase o material usado e o espazo de traballo.

9.	Canle de comunicación ante incidencias motivadas polo COVID-19
-----------	---

PROFESORADO: Vía telefónica (centro 886159531 ou teléfono persoal dos membros do equipo Covid-19) ALUMANDO: Vía telefónica (centro 886159531, 886159532)

10.	Rexistro de ausencias
<p>- No alumnado nos partes de faltas. Comprobarase se teñen síntomas (se fose así, a familia debería ter avisado) mediante chamada. O 3 membros do equipo Covid encargaranse desta tarefa.</p> <p>-A ausencia de persoal tamén se rexistrará nun cadro específico para rexistrar estas ausencias</p> <p>-As faltas tamén se rexistrarán no XADE. Se se corresponden co proceso de síntomas, o procedemento será quedar na casa e chamar ao centro médico para comprobalo, etc. Computarán como falta xustificada.</p>	

11.	Comunicación de incidencias
<ol style="list-style-type: none"> 1. Aviso ao coordinador do equipo Covid-19 2. Procedemento de información á familia, ás autoridades sanitarias e administración: <ul style="list-style-type: none"> - Comunicación telefónica á familia do afectado/a - Comunicación telefónica ao centro de saúde “Virxe Peregrina” - Comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade - Comunicación coa Xefatura Territorial de Educación 	

Id.	Medidas xerais de protección individual
------------	--

12.	Situación de pupitres
<p>En función do número de alumnos/as, presentamos diferentes opcións de colocación dos pupitres, poden verse nos distintos planos que figuran nos anexos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nas etapas de infantil e nos dous primeiros grupos de Educación Primaria, onde haberá grupos estables de convivencia, manteranse os postos escolares con mesas dobres que se estaban a empregar ate o momento. - Nos demais grupos-aula, distribuiranse en liñas mirando cara adiante á posición do profesor, adoptando a maior distancia posible entre os distintos pupitres 	

13.	Identificación de espazos ou salas para asignar grupos
<p>- Ante os desdobres realizados, e motivado pola falta de aulas no centro, vémonos na necesidade de destinar a aula de música como novo espazo para un dos grupos de 3º EP</p> <p>- Co fin de realizar desdobres puntuais dentro dos grupos de infantil e impartir a área de Valores/Relixión poderase empregar a aula de “obradoiros” así como a biblioteca escolar, en función das necesidades da clase.</p> <p>Entre a presenza dun curso e o seguinte realizarase a ventilación e a limpeza/desinfección da aula.</p> <p>Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.</p>	

14.	Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación
<p>O persoal que preste atención ao alumnado nestes espazos deberá usar a máscara de protección como norma xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - No caso de non poder facer uso da mesma polo traballo específico que se realiza optárase por outras medidas que garantan a protección individual, como pode ser o uso de pantalla ou viseiras. - Colocarase mamparas nos espazos de AL e PT. 	

- Entre cada sesión con presenza de alumnado realizarase unha ventilación de cinco minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.
- Existirá nas aulas xel hidroalcohólico, panos desbotables e papeleira con pedal.

15. Titorías coas familias

Para as reunións de titoría coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Sendo necesario establecer unha cita previa mediante a axenda escolar ou mediante a aplicación “Abalarmóbil”

De modo excepcional, e por causas ben xustificadas, poderase realizar unha reunión de titoría na propia aula correspondente; garantindo a distancia social e cumprindo estritamente as medidas de prevención sinaladas.

16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro

As canles de comunicación **coa comunidade educativa** serán as establecidas no curso pasado: Páxina web do centro para informacións xerais, “**Abalarmóbil**” para avisos de carácter máis puntual, e “**circulares escritas ou axenda escolar**” para aquelas informacións máis do ámbito de grupo-aula.

A comunicación **con persoas alleas ao centro** seguirá a ser por correo electrónico ou teléfono. En caso de ser necesario presencial, sempre con cita previa.

17. Uso da máscara no centro

- O alumnado (sempre no nivel de primaria; en infantil para os desprazamentos polo centro)) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras en todo momento.
- O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar mínimo unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.
- O profesorado deberá empregar a máscara, agás nos momentos en que impida o normal desenvolvemento do seu traballo, como poderían ser as sesións de AL. Cando isto se produza, será obrigatoria manter a distancia de seguridade e aconséllase o emprego de pantallas protectoras ou mamparas.
- A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a

18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa

- O plan difundirase a través da páxina web do centro,
- Para dar a súa comunicación, enviarase ás familias o enlace mediante a aplicación de “Abalarmóbil”
- A información máis relevante estará visible nas portas de entrada do centro mediante carteis informativos.

Id. Medidas de limpeza

19. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente

Limpeza xeral do centro polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos 3 veces ao día. Unha vez despois dos recreos (12,15), unha segunda ao final da mañá (14,15 aprox.) e a terceira pola tarde, despois das actividades extraescolares (se se realizan).

Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas, elementos das cisternas e outros dos aseos.

En todo caso nos aseos existirá material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.

Do mesmo xeito, realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos, en cada cambio de quenda, e ao finalizar a xornada, deixando que actúe o produto de limpeza, con especial atención ao mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario quen realizará ao finalizar o uso individual a limpeza dos elementos utilizados. Cada usuario ao terminar de utilizar un ordenador de uso compartido, limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla con xel desinfectante.

20. Distribución horaria do persoal de limpeza

(*Pendientes de concreción por parte da empresa de limpeza, dependente do Concello*). O horario poderá ser:

- Os **aseos dúas ou tres veces ao día**: despois do recreo (12,15 aprox.), ao finalizar as clases de mañá (ver como organizar co comedor se hai) e outro pola tarde despois das actividades extraescolares (*de realizarse*)
- As restantes dependencias unha vez pola mañá as máis usadas, concurridas e outra pola tarde despois das clases.

21. Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza

Como mínimo, máscaras e luvas axeitadas aos produtos utilizados. Tamén é recomendable gafas ou outra protección para os ollos.

22. Cadro de control de limpeza dos aseos

En cada baño existirá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levalos a cabo.

23. Modelo de “checklist” para anotar as ventilacións das aulas

Establécese unha rutina de ventilación en todas as aulas:

- Ao inicio da xornada, 15 minutos
- Cando entre un novo mestre/a na aula, 5 minutos
- Ao incorporarse doutra clase ou patio, 15 minutos
- Ao rematar as clases, 15 minutos

Cando as condicións meteorolóxicas o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible

A táboa recóllese dentro do **Anexo I**. En cada clase haberá unha por día lectivo, entregándose ao responsable do equipo COVID unha vez rematada cada semana.

24. Determinación dos espazos para a xestión de residuos

- En todos os espazos do centro haberá unha papeleira específica e diferenciada (con tapa e pedal), para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, máscaras...).
- O resto de papeleiras terán o uso habitual para separar o lixo.
- A xestión dos residuos das papeleiras específicas será tratado dun xeito distinto, empregando unha bolsa de diferente color, evitando a súa mestura co lixo xeral para evitar riscos ao persoal de limpeza.

Id. Material de protección

25.	Rexistro e inventario do material do que dispón o centro
O Secretario do centro será o responsable de inventariar todo o material de protección que dispón o centro. Para iso, crearase un apartado específico dentro do cadro xeral do centro denominado "Material covid-19"	

26.	Determinación do sistema de compras do material de protección
Solicitaranse varios presupostos, tendo en conta que cumpran as especificacións das autoridades sanitarias (no xel hidro alcohólico, no desinfectante de superficies e nas máscaras)	

27.	Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición
<p>Levarase rexistro da reposición e entrega de material: xel, papeleiras con pedal, desinfectantes de superficies, panos desbotables, máscaras de reserva, etc.</p> <p>MÁSCARAS: Todo o persoal e alumnado do centro debe levar as súas propias máscaras. Parece ser que a Consellería vai facer un primeiro aprovisionamento de máscaras, para o seu reparto entre o persoal. Ademais, o centro contará cunha dotación de máscaras para atender posibles incidencias como roturas, perdas, contaminacións, etc...</p> <p>A cada titor se lle fará entrega dun paquete de 10 máscaras cirúrxicas que deberá gardar na súa aula para posibles incidencias. Así mesmo, cada titor/a, levará unha folla de rexistro de entrega de máscaras, indicando o alumno/a que a precisa e a data da súa entrega.</p> <p>Cada vez que se esgoten as existencias das mesmas, o titor/a debe solicitar á dirección do centro a reposición do paquete de máscaras.</p> <p>XEL HIDRO ALCOHÓLICO: Todas as aulas e espazos comúns contarán cun bote de xel hidro alcohólico para a hixiene diaria de mans. As titoras e titores e profesorado usuario de aulas específicas deberán informar ao equipo COVID da necesidade da súa reposición e o persoal de conserxería e limpeza será o encargado de repoñelo.</p> <p>DESINFECTANTE DE SUPERFICIES e DISPENSADORES DE PANOS DESBOTABLES: Todas as aulas e espazos comúns contarán cun bote de líquido desinfectante de superficies e un dispensador de panos desbotables.</p> <p>As titoras e titores e profesorado usuario de aulas específicas deberán informar ao equipo COVID da necesidade da súa reposición e o persoal de conserxería e limpeza será o encargado de repoñelo.</p> <p>O equipo COVID en colaboración coa Secretaría do centro levará un rexistro de reposición de material por aulas e espazos.</p>	

Id.	Xestión dos abrochos
------------	-----------------------------

28.	Medidas
<p>Protocolo das Consellerías:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. - <u>Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19</u> no centro educativo seguirase o protocolo de actuación previsto no plan de continxencia: <ol style="list-style-type: none"> 1. Levarase a un espazo separado de uso individual onde se lle colocará unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado) 2. Contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado e chamarase ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS para solicitar consulta. 3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. 	

- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo.

Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará e se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.

- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, **o coordinador do equipo formado na COVID-19, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a**; os que teñan consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado. A aplicación xerará unha alerta na Central de Seguimento de Contactos quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

- Que se considera contacto estreito da persoa cun diagnóstico confirmado?

O criterio epidemiolóxico considera contacto estreito a calquera persoa que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara segundo os protocolos vixentes.

As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado, deberán entrar en corentena, suspendendo a ensinanza presencial por un período de 14 días.

- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios e niveis educativos afectados, poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que forman unha aula, das que conforman un nivel educativo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considérase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.

· As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período de 14 días. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula.

Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.

· En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

8.3. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

8.4. Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade

educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas relativas ao ensino a distancia. (véxase Plan de continxencia).

- Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase.

O modelo a aplicar proposto pola Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade establece catro fases:

- **FASE 1 (ADECUACIÓN DOS ESPAZOS)**

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, o equipo COVID do centro establecerá as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

- **FASE 2 (FORMACIÓN DE PEQUENOS GRUPOS)**

Duración: 1 semana A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

- **FASE 3 (REFORZO DAS MEDIDAS APRENDIDAS EN PEQUENOS GRUPOS)**

Duración: 1 semana A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuará formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

- **FASE 4 (FASE DE REACTIVACIÓN)**

Duración: 1 semana A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

29.	Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa
------------	---

O responsable de realizar as comunicacións será a persoa que exerza a dirección do centro, e na súa ausencia, a que ocupe a xefatura de estudos.
--

Id.	Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade
------------	---

30.	Procedemento de solicitudes
------------	------------------------------------

- Atendendo ao apartado 9 do protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021 a persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar.
- Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo do colexio :
ceip.froebel@edu.xunta.gal
- Unha vez revisada e rexistrada, esta documentación será remitida vía correo electrónico á xefatura territorial correspondente, en espera da resolución da mesma.
- Se procede, tramitarase a solicitude de persoal substituto na aplicación “Persoalcentros” reflectindo no apartado observacións a casuística.

Id.	Medidas de carácter organizativo
------------	---

31.	Entradas e saídas
------------	--------------------------

Dentro da necesidade de gardar unha distancia de seguridade nas entradas e saídas ao posto escolar, establécese uns horarios graduados cos que evitar aglomeracións nas dúas portas de entrada

- Nivel de Educación Primaria, porta de acceso ao centro “branca-madeira”

CURSOS:	Entrada	Saída	Distribución para o acceso	Situación do profesorado
6º EP	8:50	13:50	2 ringleiras <u>ao lado dereito</u> da porta principal de entrada, mantendo distancia de seguridade	Espera dentro da aula a incorporación do alumnado
5º EP	8:50	13:50	2 ringleiras <u>ao lado esquerdo</u> da porta principal de entrada, mantendo distancia de seguridade	Espera dentro da aula a incorporación do alumnado
4º EP	9:00	14:00	2 ringleiras <u>ao lado dereito</u> da porta principal de entrada, mantendo distancia de seguridade	Acompaña ao alumnado nas entradas e saídas
3º EP	9:00	14:00	2 ringleiras <u>ao lado esquerdo</u> da porta principal de entrada, mantendo distancia de seguridade	Acompaña ao alumnado nas entradas e saídas
2º EP	9:10	14:10	Ringleira <u>ao lado dereito</u> da porta principal de entrada, mantendo distancia de seguridade	Acompaña ao alumnado nas entradas e saídas
1º EP	9:10	14:10	Ringleira <u>ao lado esquerdo</u> da porta principal de entrada, mantendo distancia de seguridade	Acompaña ao alumnado nas entradas e saídas

- Nivel de Educación Infantil, entrada lateral do centro, acceso exclusivo para o alumnado desta etapa ou de primaria por motivos de mobilidade

CURSOS:	Entrada	Saída	Distribución para o acceso	Situación do profesorado
6º INF.	9:00	14:00	Ringleira con distancia de seguridade na zona cuberta	Acolle ao alumnado e o entrega de un en un
5º INF.	9:05	13:55	Ringleira con distancia de seguridade na zona cuberta	Acolle ao alumnado e o entrega de un en un
4º INF.	9:10	13:45	Ringleira con distancia de seguridade na zona cuberta	Acolle ao alumnado e o entrega de un en un

- **Regulación xeral das entradas e saídas:**
 - Incidirase na puntualidade das horas de entrada e saída
 - As clases accederán de unha en unha, seguindo a súa ringleira
 - Recoméndase limitar o acompañamento do alumnado a 1 familiar por alumno/a.
 - As entradas e saídas serán ordenadas e continuas, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade.
 - A información para unha correcta organización estará exposta mediante cartelería visible nos dous accesos ao centro.
 - Non se permitirá a entrada dos proxenitores no centro educativo. Estableceranse horarios específicos para a atención das familias, en tempos non coincidentes coas entradas e saídas, nin cos recreos.
 - O profesorado velará pola orde e quendas do alumnado.

- Na entrada das aulas, realizarase unha axeitada hixiene de mans cos dispensadores de solución hidroalcohólica
- O alumnado será recollido polas persoas identificadas como os seus responsables ata os cursos de 5º e 6º de EP. Os alumnos e alumnas destes dous cursos poderán saír do centro se o centro conta cunha autorización formal e expresa dos seus pais, nais, titores legais ou acolledores familiares. Así mesmo os participantes no camiño escolar que o soliciten (de 3º en diante)
- Cando un alumno/a perda a súa quenda de entrada deberá esperar a que rematen os demais grupos, incorporándose ao final dos mesmos.

32. Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo

O centro dispón de **dúas portas de entrada para o acceso do alumnado**:

- Porta de acceso pola zona cuberta. Será a porta de entrada a empregar polo alumnado de infantil e aquel que teña problemas de mobilidade
- Porta de acceso da fachada principal. Será a porta de entrada a empregar polo alumnado de primaria

Organización das entradas:

- O alumnado de infantil entrará en quendas de cinco minutos, estando un mestre/a na entrada para asegurar o correcto acceso. Ás 9:00 poderá acceder o grupo de 6º de infantil, ás 9:05 o grupo de 5º de infantil e ás 9:10 o grupo de 4º de infantil. En caso de chegar despois da hora esperarán ata que entren todos os que lles corresponde nesa hora.
- O alumnado de primaria entrará en quendas de dez minutos establecendo filas a cada lado da porta.

Ás 8:50 poderá entrar o alumnado de **6º de EP**, facendo unha ringleira ao lado dereito da porta, mantendo a distancia de seguridade. Os grupos de **5º de EP**, a esa mesma hora, poderán acceder facendo unha ringleira, coa mesma organización pero ao lado esquerdo da porta. Dende o acceso ao edificio até as 9:00h o alumnado permanecerá na súa aula comezando as rutinas de limpeza de mans e colocación do propio material, acompañados do profesorado correspondente.

Ás 9:00 poderá entrar o alumnado de **4º de EP**, facendo unha ringleira ao lado dereito da porta e mantendo a distancia de seguridade. Os grupos de **3º de EP**, a esa mesma hora, poderán acceder facendo unha ringleira, coa mesma organización pero ao lado esquerdo da porta. Cada grupo subirá co seu profesor/a correspondente

Ás 9:10 poderá entrar o alumnado de **2º de EP**, facendo unha ringleira ao lado dereito da porta e mantendo a distancia de seguridade. O grupo de **1º de EP**, a esa mesma hora, poderá acceder en ringleira no lado esquerdo da porta. Cada grupo subirá co seu profesor/a correspondente

Organización das saídas:

- O alumnado de infantil sairá de forma inversa á entrada, comezando por 4º de infantil e rematando por 6º de EI. Ás 13:45 sairá o alumnado de 4º de EI, ás 13:55 o de 5º de EI e rematará o grupo de 6º de EI saíndo ás 14:00
- O alumnado de primaria sairá de acordo coas súas quendas de entrada. O alumnado do piso superior baixará pola súa zona das aulas para facer a saída en orde a través da porta principal
Ás 13:50 deberán saír os grupos de **6º e 5º** (maioritariamente, teñen permiso para saír sos do centro)
Ás 14:00 o alumnado de **3º e 4º** poderá saír pola porta principal en ringleira de 1 e facendo entrega ás familias do alumnado destas clases.
Ás 14:10, e unha vez rematada a entrega do alumnado da quenda anterior, sairán os grupos de **1º e 2º**, facendo entrega ás familias do alumnado destes dous grupos.

33.	Cartelería e sinaléctica
	<ul style="list-style-type: none"> • Colocarase cartelería e sinaléctica nos accesos ao centro, nas aulas e nas zonas comúns • Esta información estará relacionada coas medidas de seguridade básica e prevención da Covid-19 • Os corredores estarán marcados con frechas indicativas das rutas a seguir: sempre pola dereita do mesmo • Nos baños colocaranse carteis indicando o número máximo de usuarios e recordando a necesidade do lavado de mans

35.	Asignación do profesorado encargado da vixilancia
	<ul style="list-style-type: none"> - Entradas: 1 mestre por cada quenda de entrada e porta - Saídas: 1 mestre por cada quenda de saída e porta - Recreos: 3 mestres/as por cada unha das tres quendas establecidas

Id.	Medidas en relación coas familias e ANPA
------------	---

36.	Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada
	<i>(Pendientes de concreción das medidas acordadas pola FANPA)</i>

37.	Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor
	<i>(Posiblemente non se cheguen a realizar dada a imposibilidade, por parte de ANPA, de garantir as medidas esixidas no protocolo)</i>

38.	Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar
	<p>As reunións do Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas:</p> <ul style="list-style-type: none"> · De xeito <i>telemático</i>, mediante a aplicación “Cisco Webex”. · <i>Presencial</i>, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita. Neste caso, e dado que, actualmente está formado por 14 persoas as reunións celebraranse no patio para garantir a seguridade e ventilación suficiente. <p>Dentro das reunións da ANPA debemos diferenciar:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Reunións da xunta directiva. Poderán ser presenciais ao ser un número reducido de persoas · Reunións xerais da ANPA. Preferiblemente deberán de ser de xeito telemático, No caso de ter que realizarse de xeito presencial será no patio; coa solicitude previa para asignar o espazo, facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes. O <u>aforo estará limitado a 50 persoas</u>

39.	Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias
	<p>As titorías realizaranse os martes de 16.00 a 17.00, con cita previa, empregando as canles establecidas: axenda escolar, “Abalarmóbil” ou chamada telefónica. Preferentemente, serán telemáticas e, no caso de ser presenciais por causa xustificada, terán lugar na aula da titoría do alumno e coas seguintes medidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Emprego de máscara. • Hixiene de mans ao acceder á aula. • Colocación de mesas como separación para garantir a distancia. • No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita, solicitarase previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos. <p>As reunións de inicio de curso irán detalladas no “<i>Plan de acollida</i>”, e realizaranse de xeito presencial no patio, limitando a presenza a unha persoa por familia para poder garantir a distancia interpersonal e sen exceder o aforo contemplado no patio. Estableceranse quendas para cada un dos cursos</p>

Será obrigatorio o uso de máscara e desinfección de mans para acceder ao patio.

40. Normas para a realización de eventos

Dada a situación sanitaria e a organización de grupos de convivencia estables non se poderán realizar celebracións que supoñan actividades conxuntas entre o alumnado ou que contén coa asistencia das familias do alumnado.

Celebracións coma o Samaín, Magosto, Nadal, Entroido... deberán ser revisadas e reorganizalas dentro das premisas deste protocolo

As saídas didácticas poderanse realizar de acordo coa normativa vixente. Daráselle prioridade a aquelas que sexan dentro da localidade, as que se desenvolvan ao aire libre, así como as que dinamice e promovan hábitos de vida activa e saudable.

Id. Medidas de uso do comedor

(Á espera do ter acordos acerca do seu funcionamento)

42. Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado

43. Persoal colaborador

44. Persoal de cociña

Id. Medidas específicas para o uso doutros espazos

45. Aulas especiais, ximnacios, pistas cubertas...

- Neste curso non se poderá dispoñer da **aula de música** ante a demanda de novos espazos para os grupos desdoblados
- O patio, como lugar de desenvolvemento da **área de EF**, garantirá as mesmas medidas de seguridade que as demais aulas; contarase con dispensadores de xel, papeleira de pedal e panos desbotables

46. Educación física

Co fin de impartir esta área cunhas garantías de calidade e atendendo ás necesidades de movemento e xogo do alumnado, buscaranse unhas normas específicas que permitan atender a estas demandas dentro do contexto da pandemia:

Medidas organizativas:

- Sempre que sexa posible, e durante a práctica deportiva deberán manter a distancia de seguridade interpersonal
- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes.
- Para o inicio das sesións aconséllanse actividades de execución individual, encaixando neste ámbito as coordinativas e de equilibrio, rítmicas ou de expresión corporal

- O uso da máscara será obrigatorio salvo que se poidan desenvolver actividades ao exterior, de maneira individual e cunha separación de máis de 2 metros
- Buscarase, de xeito puntual, a docencia en espazos ao aire libre, cando as condicións meteorolóxicas o permitan. Nesta situación precisarase de apoio para o desprazamento do grupo-clase.
- Realizarase tarefas de ventilación periódica no patio tanto ao rematar ás clases como no transcurso da mesma cando o tempo o permita.
- O uso dos aseos estará condicionado polo aforo dos mesmos.
- As clases comezarán e rematarán coa rutina de hixiene de mans.
- Este ano quedará minimizada a rutina de aseo a hixiene e desinfección de mans.

47. Cambio de aula

Durante o presente curso soamente se contemplan estas situacións de cambio de aula:

- Para ir as sesións de EF
- Asistencia ás áreas de Relixión/Valores cívicos e sociais
- Asistencia ás sesións de PT/AL ou desdobres

Cando un grupo de alumnado teña que moverse polo centro deberá de facelo en fila de un, con máscaras e respectando a distancia de 1m, seguindo a ruta deseñada para cada grupo e indo pola parte dereita do corredor.

Nestes cambios de aulas, e para garantir que os espazos están baleiros e ventilados, o alumnado esperará na súa aula a que o mestres especialista os vaia a buscar.

48. Biblioteca

Debido ás necesidades de espazo e por evitar a rotación dos grupos polo centro non se fará uso polas mañás como biblioteca.

Deste modo, empregaranse **bibliotecas móbiles dentro das aulas** que irán detalladas dentro do “*Plan xeral da biblioteca*” para o curso 20/21 onde se establecerán as pautas para facer os empréstitos.

49. Aseos

O alumnado empregará os aseos existentes nas zonas que lle correspondan á súa aula.

- **Respectaranse os labores de limpeza e desinfección**, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.
- A **limitación de aforo para os baños estará indicado nas portas de acceso**. Tendo todo o alumnado a obriga de respectar estas indicacións
- Todos os aseos terán cartelería visible sobre o correcto lavado de mans.
- A prioridade no acceso aos aseos será para os grupos de infantil, cando así o requira o alumnado.

Id. Medidas especiais para os recreos

50. Horarios e espazos

Co fin de adecuar os espazos dispoñibles a utilizar nos tempos de recreo, considérase necesario establecer tres quendas que permitan unha distancia mínima de 1,5 metros entre o alumnado.

- **Períodos de recreo para a etapa de infantil:** O tempo destinado para esta finalidade comezará ás 11:10 e rematará ás 11:35
Ademais, poderase programar outro segmento de lecer, con actividade ou xogos dirixidos, nun período que non supere globalmente os 30 minutos, *seguindo a Orde do 22 de xullo de 1997*

Na patio estarán tres zonas de xogo delimitadas, con separación física (*cintas elásticas sinalizadas*), co fin de manter os grupos estables de convivencia e evitar a interacción cos outros grupos do nivel.

As quendas establecidas para a vixilancia deste tempo serán de tres mestras/es. Establecendo unha *nova zona de vixilancia nos accesos aos aseos*, para garantir o aforo dos mesmos.

- **Período de recreo para os grupos de 4º a 6º da etapa de primaria:** Ante esta necesidade de minimizar concentracións elevadas do alumnado no patio, organízase unha primeira quenda que comezará ás 11:40 e rematará ás 12:00. A separación física **soamente permite a presenza de catro grupos, dos seis que formarían esta quenda**, polo que **os cursos terán que alternar a presenza no patio**: luns (4º+5º), martes (4º+6º), mércores (5º+6º), xoves (4º+5º), venres (4º+6º) Posteriormente, poderán merendar dentro da aula, de 12:05 a 12:15; establecendo á “hora de ler” dende as 12:15 ata as 12:35
- **Período de recreo para os grupos de 1º a 3º da etapa de primaria:** Asumindo a creación de **grupos estables de convivencia** e incrementando a seguridade nestas relacións sociais, haberá un segundo tempo de recreo para estes grupos, con separación física na zona de xogo (*cintas elásticas que dividan o patio en tres zonas claras mais o espazo por detrás do escenario*). Os tempos de recreo serán de 12:05 a 12:30. Estes grupos poderán facer a súa hora de merenda dende as 11:35 ata ás 11:45, tendo coma “hora de ler” o tempo comprendido entre as 11:45 e as 12:05

Dado o carácter excepcional desta situación fixaranse de antemán tres zonas de atención preferente: **zona de acceso aos aseos, patio e zona do escenario**. Reforzando a presenza do profesorado que se establecera dentro das NOF do centro.

- **Medidas xerais nos desprazamentos aos recreos:**
 - Nos momentos de entrada e saída ao patio respectarase a distancia de seguridade circulando pola marxe dereita, de acordo coas sinalizacións establecidas.
 - O profesorado acompañará a súa clase ata o patio velando pola orde destes desprazamentos.
 - Aproveitarase este momento de recreo para facer as tarefas de ventilación das clases
 - **Entre cada quenda de recreo haberá un intervalo de cinco minutos** co fin de evitar a coincidencia de varios grupos nos corredores e para aumentar a subministración de aire fresco do patio
 - Ao regresar dos patio realizarase unha adecuada hixiene de mans.
 - **Nos recreos o uso da máscara será obrigatorio**

51. Profesorado de vixilancia

Para realizar as tarefas de vixilancia nos tempos de recreo haberá que modificar as ratios establecidas dentro das NOF do centro con fin de garantir o funcionamento dos grupos de convivencia estables así como o aforo nos aseos.

1º Quenda de recreo: Alumnado de infantil (11.10 - 11.35) **3 mestres/as**

2º Quenda de recreo: Alumnado dos grupos de 4º a 6º de EP (11.40 - 12.00) **3 mestres/as + 1 por aula que non poida acceder ao patio**

3º Quenda de recreo: Alumnado dos de 1º a 3º (12.05 - 12.30) **3 mestres/as**

Id.	Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria
------------	--

52.	Metodoloxía e uso de baños
<p>Recoméndase o inicio da xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico. Debe terse en consideración que o uso do xel hidro alcohólico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que no caso dos dispensadores non deben de ser accesibles sen supervisión.</p> <p>Os obradoiros serán adaptados a grupos máis reducidos e procurando a desinfección do material (robótica, xogos...) despois de cada uso.</p>	

53.	Actividades e merenda
<ul style="list-style-type: none">- Ás merendas realizaranse dentro da aulas nos horarios establecidos coas quendas de recreo- As tres quendas de recreo permiten unha dispersión polo espazo do patio que lles permita unhas mínimas necesidades de movemento evitando aglomeracións.- Os grupos de convivencia estables xogarán en zonas do patio con limitacións físicas e visibles entre os demais grupos (cintas elásticas entre as columnas con cintas de sinalización vermellas a modo de bandas verticais)- Co fin de facilitar opcións de xogo e ocio nestes tempos facilitarase a cada grupo un equipamento básico de xogo para desenvolver a motricidade, a coordinación e permitir a socialización; evitando, na medida do posible, o contacto e risco entre o alumnado.	

Id.	Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres
------------	--

54.	Emprego do equipamento
<ul style="list-style-type: none">- Armarios do equipamento E-dixgal: Correspóndelle ao mestre/a lembrar aos usuarios que fagan a labor do hixiene de mans antes de acceder ao armario. Sendo cada usuario o responsable da carga e custodia de cada equipo- Ordenadores de aula: Poderanse usar dentro das aulas sen equipamento E-dixgal garantindo a limpeza do rato e teclado despois de seu uso individual.	

Id.	Medidas específicas para alumnado de NEE
------------	---

55.	Medidas
<p>Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade.</p> <p>No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas</p> <p>O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade</p> <p>O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención</p>	

56.	Medidas e tarefas. Seguimento

Id.	Previsións específicas para o profesorado
------------	--

57.	Medidas
<p>· Sala do profesorado: Dentro das novas medidas de seguridade, e co fin de garantir a distancia de 1,5 metros co demais persoal, limitarase o <u>aforo da sala do profesorado a 12 persoas</u>.</p> <p>Dentro deste espazo poderanse desenvolver tarefas de traballo individual ou colexiado, nos límites establecidos de aforo.</p> <p>Na entrada disporase de produtos de hixiene que permitan realizar unha adecuada hixiene das mans.</p> <p>Igualmente, deberanse realizar tarefas de ventilación, de polo menos 5 minutos, ao inicio do día, nos cambios de clases e ao finalizar a xornada. Cando as condicións meteorolóxicas o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.</p> <p>Recoméndase usar os equipos de traballo persoais, de non ser posible -como no uso da fotocopiadora-, desinfectarase adecuadamente antes de ser empregada por outras persoas.</p> <p>Tódolos días realizarase unha desinfección dos postos de traballo compartidos e das zonas de contacto mais frecuentes como pomos das portas, mesas, teléfonos e outros elementos semellantes, de acordo co protocolo de limpeza establecido.</p> <p>· Reunións do profesorado: Para acomodar as reunións do profesorado a unha situación máis segura poderanse usar espazos coma a biblioteca (equipos docentes) ou o propio patio do centro (reunións que impliquen a todo o profesorado).</p> <p>Do mesmo modo, e de ser necesario, as reunións do claustro de profesorado poderanse realizar empregando ferramentas de comunicación a distancia. De conformidade co disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.</p> <p>Para as reunións de equipos de nivel ou ciclo empregaranse unha das aulas desde nivel ou ciclo, coas medidas de seguridade reflectidas neste plan.</p> <p>Tamén poderá ser lugar de traballo a Biblioteca escolar coa limitación de 10 persoas + 3 nos postos informáticos</p>	

58.	Órganos colexiados
<p>Reunións dos órganos colexiados:</p> <ol style="list-style-type: none"> Claustro: Levaranse a cabo no patio nas condicións expostas no punto anterior. No caso de que a situación o impida, empregaranse a comunicación telemática usando a plataforma "Cisco Webex". Consello escolar: Igualmente, co fin de que os 15 membros poidan reunirse en condicións de seguridade celebrará as súas reunións no patio. De ser necesario, empregaranse medios telemáticos. 	

Id.	Medidas de carácter formativo e pedagógico
------------	---

59.	Formación en educación en saúde
------------	--

Ao longo de todo o curso e de xeito transversal terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte á covid-19
O equipo COVID-19 terá un papel relevante na difusión de xeito didáctico de información básica sobre o coronavirus, a súa afección na poboación infantil e os síntomas, así como as medidas de vixilancia, de prevención e de control

60.	Difusión das medidas de prevención e protección
------------	--

- Empregaranse as canles de comunicación do noso centro para transmitir toda a información que reciba o centro en relación en este tema. En especial as enviadas polas Consellerías de Educación e Sanidade
- Do mesmo xeito facilitarase a difusión de información e documentación de interese para toda a comunidade educativa.

61.	Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais
------------	---

No mes de setembro realizaranse as actividades formativas precisas para que todo o profesorado poida empregar as aulas virtuais e o entorno E-dixgal no curso 20/21
A coordinadora do equipo TICs responsabilizarase do traballo de mantemento das aulas virtuais
O resto de funcións; divulgar accións de formación, coordinación cos demais equipos de centro... serán accións a desenvolver polos demais compoñentes do equipo TICs

Coordinadora TIC e E-dixgal: M^a del Carmen Rodríguez Montegrifo

Coordinador/a Aulas virtuais de EI:

Coordinador/a Aulas virtuais de EP:

62.	Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso”
------------	---

- O equipo directivo elaborará o “Plan de Acolida” que será publicado na primeira semana de setembro. Este documento recollerá as datas das reunións coas familias e o horarios de entrada e saída do primeiro día que serán flexibilizados para poder ter unha mellor organización e presentar os hábitos a seguir no presente protocolo
- Tamén se especificará a planificación do período de adaptación para o alumnado de 4º de EI

63.	Difusión do plan
------------	-------------------------

- “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público que estará dispoñible na páxina web do centro, será enviado ás familias a través da aplicación “Abalarmóbil” e remitido por correo aos compoñentes dos órganos colexiados de goberno (Claustro e Consello Escolar)
- Igualmente, terán coñecemento do mesmo ás coordinadoras do centro de Saúde “Virxe de Peregrina” para a súa valoración e supervisión.
- O contido deste documento será informado o consello escolar.
- Con todas as achegas recibidas, e posibles modificacións legislativas, poderase realizar modificacións neste documento que serán puntualmente comunicadas.

- Anexo I: **Modelo de “checklist” para anotar as ventilacións das aulas**

DATA:	Tempos de ventilación	Sinatura do profesor/a
COMEZO DA XORNADA		
2º HORA		
3º HORA		
RECREO		
4º HORA		
5º HORA		
REMATE DA XORNADA		

- Anexo II: Cadro resumo da distribución horaria nos tempos de recreo, horas da merenda e “hora de ler”:

NIVEL DE ED. INFANTIL	Recreo: 11.10-11.35	2º tempo de xogo dirixido, a concretar dentro das aulas	
PRIMARIA DE 4º A 6º	Recreo: 11.40-12.00	Merenda: 12.05-12.15	Hora de ler: 12.15-12.35
PRIMARIA DE 1º A 3º	Merenda: 11.35-11.45	Hora de ler: 11.45-12.05	Recreo: 12.05-12.30